



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 13 DE
AGOSTO DE 2012

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día trece de agosto de dous mil doce, baixo a presidencia da señora alcaldesa en funcións dona Maria Jesús González Roel, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Rocio Vila Díaz, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Non asisten e presentan escusa don Felipe Andreu Barallobre e don Fernando Caride Suárez.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examinaronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, dos borradores das actas das sesións ordinarias de datas 31 de xullo de 2012 e 6 de agosto de 2012.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que asisten á sesión, acorda deixar os borradores das actas das sesións ordinarias de data 31 de xullo de 2012 e 6 de agosto de 2012 sobre a mesa para a súa aprobación na vindeira sesión.

2º.- Correspondencia.

- Escrito da Dirección Xeral de Formación e Colocación, Consellería de Traballo e Benestar, rexistrado de entrada con data do día 31 de xullo de 2012, co número 10.520, ao que achega a resolución da directora xeral de Formación e Colocación, pola que se resolve a concesión dunha subvención ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2011, por un importe de 9.668,44 euros para o ano 2012 e de 4.834,22 euros para o ano 2013.

- Escrito do Consejo de Empadronamiento, rexistrado de entrada o día 2 de agosto de 2012, co número 10.627, ao que achega copia da contestación da Secretaria do Consejo de

Empadronamiento á consulta efectuada por este Concello, respecto da utilización dunha imaxe escaneada das sinaturas do alcalde e da secretaria nas certificacións de inscrición no padrón municipal de habitantes, na que comunica que soamente cabe expedir a certificación coa sinatura autógrafa do secretario do concello, polo que se considera que non se pode cualificar como certificacións padroais aqueles documentos que se expidan coas sinaturas escaneadas. Soamente a sinatura electrónica recoñecida terá respecto dos datos consignados en forma electrónica, o mesmo valor que a sinatura manuscrita en relación cos consignados en papel.

- Orde do 12 de xullo de 2012, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se resolve a concesión de subvencións ás agrupacións de voluntarios de Protección Civil, entre as que figura a AVPC do Concello de Cambre, cun importe de 2.510,56 euros. (Diario Oficial de Galicia número 150, de data 7 de agosto de 2012).

- Escrito da Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, rexistrado de entrada con data do día 8 de agosto de 2012, co número 10.826, ao que achega o edicto relativo ao cargo de xuíz de Paz substituto de Cambre, para o noso coñecemento e co obxecto de que se fixe na taboleiro de anuncios do concello.

- Anuncio de delegación de funcións do presidente do Consorcio das Mariñas dende o día 1 ata o 20 de agosto ambos os dous incluídos. (Boletín Oficial da Provincia número 150, de data do día 8 de agosto de 2012).

- Anuncio do Pleno da Corporación do Concello de Cambre, respecto da aprobación das bases da convocatoria de bonotaxi para persoas con discapacidade e mobilidade reducida para o exercicio do 2012. (Boletín Oficial da Provincia número 150, de data do día 8 de agosto de 2012).

- Anuncio do Pleno da Corporación do Concello de Cambre, respecto da aprobación das bases reguladoras e convocatoria do programa axudas municipais á creación de empresas-programa Cambre emprende 2012. (Boletín Oficial da Provincia número 151, de data do día 9 de agosto de 2012).

- Lei 9/2012, do 3 de agosto, da Presidencia da Xunta de Galicia, de adaptación das disposicións básicas do Real decreto lei 2072012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, en materia de emprego público. (Diario Oficial de Galicia número 152, de data do día 9 de agosto de 2012).



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- Decreto 169/2012, do 1 de agosto, da Consellería de Traballo e Benestar, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2013. (Diario Oficial de Galicia número 153, de data do día 10 de agosto de 2012).

- Anuncio de delegación de funcións da alcaldía, dende o día 6 ao 19 de agosto. (Boletín Oficial da Provincia número 152, de data do día 9 de agosto de 2012).

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área.

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que con motivo das obras que comezarán o día 20 deste mes no campo da feira, logo do informe da Policía Local, se trasladará a feira dende o centro de saúde cara ao cemiterio, por ambos lados. Marcaranse as zonas e se pensa que será ata que rematen as obras.

A continuación, dona Marta Maria Vázquez Golpe tamén informa que a partir do día 7 de agosto entrou en vigor a ordenanza de feiras, pero dado que a taxa se vincula coa licitación de postos, non se pode aplicar as taxas ata a nova colocación.

Tamén informa que se puxeron en contacto co Servizo Galego de Colocación para que envíen as persoas que cumpran os requisitos para desenvolver as funcións de orientación laboral. Despois se efectuará a selección.

A continuación, informa que a Xunta de Galicia publicou a semana pasada a orde que regula os obradoiros de emprego e teñen varias posibilidades de proxectos. Están a estudar cal se adapta máis para solicitalo.

Con respecto ao festival Brincadeira e Rock in Cambre, entre a súa concellería e a concellería de Cultura repartiron as camisetas do festival entre todos os locais de hostalería do centro urbano. Antes do comezo do festival, falouse con todos os locais de hostalería para explicarlles o citado festival así como tamén cos veciños máis cercanos afectados polas molestias e polos ruidos.

Para finalizar a súa intervención, dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que esta semana se abrirá o prazo de solicitude para as axudas a emprendedores e que ten como data límite o día 10 de decembro.

Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocio Vila Díaz informa que xa se cubriu a praza de técnico de servizos con don Ignacio Fernández Díaz, dado que as dúas persoas con maior puntuación, renunciaron á praza.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que respecto á celebración do festival Brincadeira non houbo incidencias importantes. Destaca o bo comportamento do público asistente durante os catro días que durou o concerto.

A continuación informa que mañá, martes, día 14 de agosto comezan as festas de Santa Maria de Cambre.

Tamén informa que o concerto de “The Real Mckenzie’s” terá lugar no campo da feira, en lugar da explanada onde se celebrou o festival Brincadeira.

O día 15 de agosto, ás 12,30 horas terá lugar a procesión e misa solemne, coa actuación da banda de música Sementeira. Este mesmo día, ás 12 horas da noite terá lugar a lectura do pregón a cargo de Aranzubía, porteiro do Deportivo.

Tamén informa que o venres día 17 terá lugar o XIV festival de polifanía e habaneiras, que foi aprazado debido ao mal tempo e que ía ter lugar o día 7 de xullo.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que a semana pasada comezaron cos traballos de roza por todo o municipio. Empezaron con catro equipos.

A continuación informa respecto do roubo do cable na iluminación pública en varias zonas, as cales están sen luz. Engade que o valor do roubado está en torno aos 18.000 euros mailo IVE. Xa se repuso tamén o cable de terra que fora roubado e que custou ao redor de 6.000 euros.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Para rematar, don Manuel Marante Gómez informa que está avaliando varias posibilidades para impedir estes roubos, en función de que tipo de tapas teñan as arquetas.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona Maria Jesús González Roel informa que está a preparar os convenios de colaboración entre o Concello e a Asociación pro enfermos mentais da Coruña (APEM). Engade que cando se incorpore o alcalde se asinará.

Tamén informa que está preparado o convenio coa Asociación de persoas con discapacidade e familiares de Cambre, Arela.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as once horas, do que eu, secretaria, certifico.

A presidenta



Maria Jesús González Roel

A secretaria



Maria Luisa de la Red Ampudia

C.I.F. P-1501700-G